




Área / Unidad EDUCACION ED0000 EBS.	Documento 2361AI00YA	
Código de verificación  0Y4O 2N64 161W 6732 0Y2P	Expediente 236/2025/138	
	Fecha 08-05-2026	

## ÁREA DE EDUCACIÓN

**Asunto:** adxudicación definitiva das bolsas Norte América do curso 2026/2027 dirixidas ao alumnado de 4º da ESO dos centros educativos da cidade da Coruña

Logo de ver o informe proposta que antecede e en virtude das competencias que me atribúe a lexislación vixente, resolvín

## RESOLUCIÓN

I. O Concello da Coruña, por medio da Concellaría de Educación, Formación e Innovación Tecnolóxica, convocou o programa "A Coruña no Mundo: **Bolsas Norteamérica 2026-2027**", no que se lle ofrece a oportunidade ao alumnado de 4º ESO, residente na cidade da Coruña, de cursar o grao 11 en Canadá -equivalente a 1º Bacharelato-, así como de adquirir un dominio avanzado da lingua inglesa e un coñecemento real doutra cultura.

As Bases do programa foron aprobadas por Acordo da Xunta de Goberno Local do día 22.10.2025 e publicadas no BOP da Coruña número 211 do 04.11.2025.

A cláusula 1 das Bases establece que o obxecto da convocatoria é convocar unha axudas ou bolsas, en réxime de concorrencia competitiva, para realizar o curso de 1º de bacharelato en Canadá, de cara a mellorar as competencias lingüísticas daquel alumnado matriculado nun centro educativo durante o curso 2025-2026 en 4º da ESO.

A estadía en Canadá comeza en agosto ou setembro de 2026 e finaliza en xuño de 2027, incluídas as vacacións escolares de Nadal e Semana Santa. As datas de saída e regreso varían en función dos estado ou territorio de destino.

Polo tanto, **este programa ten dous obxectivos complementarios: realizar un curso completo (de principio a fin) en Canadá e mellorar as competencias lingüísticas das persoas beneficiarias.**

II. Unha vez publicadas as Bases, abriuse un período de 10 días hábiles contados a partir do día seguinte ao de publicación no BOP para presentar as solicitudes aquelas persoas interesadas na obtención dunha bolsa. O prazo de solicitudes foi do 5 ao 18 de novembro de 2025.



Analizadas todas as solicitudes, o Servizo Municipal de Educación publicou, o día 03.12.2025, as **listaxes das solicitudes admitidas**, as que necesitaban emendas e as excluídas. A publicación realizouse no portal web de Educación do Concello da Coruña e no taboleiro municipal de edictos.

A continuación, abriuse un prazo de 10 días hábiles a partir do día seguinte á súa publicación, para que se emendasen as faltas ou se achegasen os documentos requiridos.

Logo de recibir as alegacións e emendas, o día 23.01.2026 publicouse a **listaxe provisional** das posibles persoas beneficiarias das Bolsas Norteamérica 2026-2027.

Na listaxe, incluíase a baremación realizada pola Comisión de Avaliación en base aos criterios establecidos para obter a bolsas.

Posteriormente, abriuse un novo prazo de presentación de alegacións contra a listaxe provisional. O prazo de alegacións foi do 26.01.2026 ao 06.02.2026.

III. A cláusula 12 establece que, unha vez examinadas as alegacións presentadas, a Comisión de Avaliación realizará un **informe final que se elevará ao órgano instrutor que propondrá a resolución definitiva da convocatoria**.

O informe da Comisión de Avaliación é preceptivo pero non vinculante, posto que a competencia para resolver definitivamente o procedemento, e interpretar ou corrixir os erros que se detecten, correspóndelle ao concelleiro responsable da Área de Educación, Formación e Innovación Tecnolóxica previo informe-proposta do órgano instrutor.

En base a isto, a Comisión de Avaliación reuniuse o día 11.02.2026 e adoptou un acordo que forma parte do expediente, con código seguro de verificación 5X4A 3942 2W3E 4I2P 1608, recollendo as deliberacións e acordos fundamentados acadados na dita reunión da Comisión, e elevou ao órgano instrutor unha listaxe definitiva de posibles persoas beneficiarias, de agarda e das persoas excluídas, con código de verificación 2B37 540M 6348 3H4Q 0SY9.

O 20.02.2026 publicouse o Anuncio da dita listaxe nos medios indicados no punto 3 das bases: a través do portal de Educación da páxina web municipal ([www.coruna.gal/educacion](http://www.coruna.gal/educacion)) e do taboleiro de anuncios do Concello.

IV. A cláusula 13 establece que, unha vez publicada a listaxe definitiva elaborada pola Comisión de Avaliación, as persoas que figuren na dita listaxe disporán dun prazo de 10 días hábiles para a súa aceptación, que deberá ser asinada polas persoas proxenitoras ou titores/as legais e presentadas por rexistro ante o Servizo Municipal de Educación. En caso contrario, entenderase que se renuncia á bolsa.

Na mesma cláusula establécese que, despois de transcorrer o prazo anterior, e no caso de producirse modificacións na listaxe definitiva elaborada pola Comisión de Avaliación coa incorporación de persoas procedentes da listaxe de agarda, a persoa titular da concellaría delegada da Área de Educación, resolverá a convocatoria, por delegación da Xunta de Goberno Local.



V. Transcorrido o prazo para a aceptación das bolsas, o procedemento continúa coa presentación da documentación requirida na convocatoria e acreditativa do cumprimento das obrigas establecidas na cláusula 5º.

## **A cláusula 5º establece as seguintes obrigas por parte das persoas beneficiarias:**

5.1. A persoa beneficiaria seleccionada ten que ter **aprobadas en xuño** todas as materias ao rematar o curso de 4º da ESO e, no caso de non cumprirse esta condición, perderá o seu dereito a desfrutar da beca, aínda que fose seleccionada.

5.2. A persoa beneficiaria da bolsa deberá ter **pasaporte** español, **con vixencia ata seis meses despois da finalización do curso**, no momento de elaboración do expediente para enviar ao país estranxeiro.

5.3. **A familia da persoa beneficiaria da bolsa deberá cumprir coa normativa legal con respecto á saída dos menores ao estranxeiro.**

5.4. As persoas beneficiarias están obrigadas a **participar en cantas viaxes e reunións** sexan convocadas.

5.5. Como resultado da baremación da renda económica da unidade familiar, segundo se establece nestas bases no artigo 6 punto 5, se a unidade familiar nuclear acada as puntuacións de 9 o 10 puntos, a solicitude da bolsa implica a autorización por parte dos proxenitores da persoa solicitante aos servizos sociais do Concello da Coruña, para un posible estudo informativo das circunstancias de vulnerabilidade socioeconómica nas que poida atoparse o/a menor solicitante.

O incumprimento destas obrigas implicará a exclusión do programa, logo da correspondente resolución motivada do órgano competente.

## **As persoas solicitantes entenden cada unha destas obrigas e comprométense a cumprilas ao participar na convocatoria.**

O cumprimento das obrigas e de todas as condicións precisas vaise detectando a medida que transcorre o procedemento.

Así por exemplo, en canto á esixencia de ter aprobadas todas as materias de 4º curso no mes de xuño de 2026, non se pode coñecer ata que finalicen os exames. Non obstante, non se pode esperar a esa data para tramitar os traslados, visados e aloxamentos, posto que a finais de agosto as persoas beneficiarias deben estar viaxando.

O mesmos ocorre con ter o pasaporte en vigor ou co cumprimento da normativa legal para que o/a menor poida saír ao estranxeiro. De acordo coa convocatoria, é responsabilidade da familia que a/o menor teña todas as condicións necesarias para que se poida saír do país, permanecer en Canadá e volver á cidade da Coruña unha vez rematado o curso (curso completo), cumprindo así co obxecto do programa. En caso contrario, entenderase que se está a producir unha causa de reintegro da bolsa (cláusula 15º).



VI. Correspóndelle ao Goberno de Canadá conceder o permiso de estudos no país de destino e que o permiso depende do cumprimento da normativa para viaxar e permanecer no país sen que exista ningún prexuízo para a persoa menor de idade.

Por este motivo, as Bases da convocatoria, na cláusula 18º, condicionan o desfrute definitivo da bolsa a que se dean todas estas circunstancias, incluído que exista unha familia de acollida para o/a menor.

En concreto, a cláusula establece:

- Ao cumprimento dos requisitos esixidos polas autoridades do país de destino para participar no programa de intercambio (referidos a: estado de saúde, nivel de inglés, pasaporte...) da persoa seleccionada, así como á concesión do visado correspondente.
- Á existencia dun fogar de acollida e un centro educativo que permita a inclusión en igualdade de condicións que o resto dos participantes, do alumnado con diversidade funcional solicitante da bolsa.

Polo tanto, establécese a postestade do Concello da Coruña a non resolver o procedemento a favor dunha persoa beneficiaria se se detecta, logo da recollida de información e da consulta co país de destino, que se produce algunha destas circunstancias. No caso de que isto se produza, a persoa que se encontre en esa situación non terá dereito a ningunha indemnización por parte do Concello.

VII. Logo de publicado o Anuncio coa listaxe definitiva das bolsas elaborada pola Comisión de Avaliación, presentáronse varias renuncias que fixeron que se tiveran que realizar chamamento da lista de agarda.

As renuncias producíronse ou ben pola non aceptación expresa da bolsa no prazo establecido ou ben pola presentación por escrito da propia renuncia.

Tense constancia no Servizo Municipal de Educación das **renuncias con ID número 85, 89, 75, 106, 92, 34, 114, 97, 116, 127 e 95**. Algunhas destas renuncias refírense á listaxe definitiva publicada e outras fóronse producindo a medida que se foi chamando da lista de agarda.

A maiores das renuncias, coa recollida da información e documentación precisa para a tramitación das viaxes, visados e familias de acollida, xurdiu unha condición que deu lugar a que o país de destino non aceptara unha persoa beneficiaria. Polo tanto, a persoa con **ID100** debe ser excluída da resolución de concesión da bolsa en base á cláusula 12.3 da convocatoria.

VIII. Ao longo do procedemento detectouse, ademais, unha cláusula das bases aprobadas inicialmente que debe ser obxecto de interpretación por parte do concelleiro responsable da área de Educación. En caso contrario, produciríase un prexuízo a determinadas persoas beneficiarias da bolsa.

As bases da convocatoria establecen que a persoa titular da concellaría responsable da Área de Educación resolverá a convocatoria, por delegación de Xunta de Goberno Local,



# Concello da Coruña

autorizándoa para interpretar e desenvolver o establecido na convocatoria, así como para a corrección dos erros que puideran existir.

A cláusula 5.2 das Bases establece a obriga da persoa beneficiaria de contar con pasaporte español.

Esta cláusula debe ser interpretada en sentido amplo, polo que **o pasaporte debe ser español ou estranxeiro**, toda vez que esta convocatoria non discrimina entre persoas españolas e estranxeiras e que o único requisito para ser solicitante é estar empadroada na cidade da Coruña no momento da solicitude con independencia da nacionalidade.

A resolución definitiva da convocatoria correspóndelle ao concelleiro responsable da Área de Educación, Formación e Innovación Tecnolóxica, en base ao Acordo da Xunta de Goberno Local do día 22.10.2025, publicado no BOP núm. 211 do 04.11.2025.

De acordo co anterior e unha vez realizados todos os trámites previos establecidos na convocatoria, **RESOLVO:**

**Primeiro.-** Interpretar, de acordo coas facultades establecidas na cláusula 14.4 da convocatoria, o requisito referido na cláusula 5.3 respecto das obrigas das persoas beneficiarias en canto ao pasaporte en vigor, de tal forma que o pasaporte en vigor pode ser español ou estranxeiro, con vixencia ata seis meses despois da finalización do curso, o que deberá acreditarse no momento de elaboración do expediente para enviar ao país estranxeiro. Isto motivado en que para poder participar neste programa o único requisito é estar en posesión de documento nacional de identidade ou número de identidade estranxeiro e residir e estar empadroado/a co seu pai, nai ou representante legal no Concello da Coruña no momento da solicitude, con independencia da nacionalidade e, polo tanto, con independencia da orixe do pasaporte.

**Segundo.-** Aceptar a renuncias das que se ten constancia no Servizo Municipal de Educación, ben pola non aceptación expresa da bolsa ou pola presentación dunha renuncia formal. As renuncias están identificadas cos **ID número 85, 89, 75, 106, 92, 34, 114, 97, 116, 127 e 95.**

**Terceiro.-** Excluir da proposta de resolución definitiva da concesión das bolsas á solicitude con ID 100 ao non producirse as condicións necesarias para garantir a súa participación no programa, de acordo co previsto na cláusula 12.3.

**Cuarto.-** Conceder definitivamente as Bolsas Norteamérica para o curso 2026/2027 ás persoas que figuran na listaxe anexa a esta Resolución, formando parte dela. O Anexo está incorporado ao expediente con código de verificación 2Y0Z 4U3W 0T24 0I2Q 0ACU.

O desfrute da bolsa por parte da persoa beneficiaria estará condicionado:

- En primeiro lugar, ao cumprimento das obrigas recollidas no punto 5º da convocatoria e que das que o Servizo Municipal de Educación non pode ter certeza no momento de ditar esta resolución. En particular, a obriga de ter aprobadas todas as materias de 4º curso da ESO no mes de xuño de 2026 e a obriga da familia de contar con toda



a documentación precisa para que o/a menor poida realizar as viaxes de ida e volta á cidade da Coruña, así como realizar o curso completo en Canadá.

De ter constancia a familia, no momento de publicar esta resolución, de que non se van cumprir estas condicións, deberase renunciar á bolsa concedida **no prazo máximo de 5 días hábiles** dende a publicación desta resolución. De non presentar a renuncia e se se produce o incumprimento do programa, poderase entender que existe causa de reintegro da bolsa concedida de acordo co artigo 15 da convocatoria.

- En segundo lugar, condicionado ao establecido na cláusula 18º da convocatoria, en canto que as condicións de participación no programa quedan condicionadas ao cumprimento dos requisitos esixidos polas autoridades do país de destino e a existencia dun fogar de acollida e un centro educativo que permita a inclusión en igualdade de condicións que o resto de participantes do alumnado con diversidade funcional solicitante da bolsa. De producirse estas circunstancias, sen causa imputable á persoa beneficiaria nin ao Concello da Coruña, quedará sen efecto a concesión da bolsa sen dereito a indemnización.

**Quinto.-** Comunicarlles aos servizos sociais municipais a listaxe definitiva de persoas beneficiarias que acadaron as puntuacións de 9 ou 10 puntos na “Situación económica da unidade familiar nuclear”, para un posible estudo informativo das circunstancias de vulnerabilidade socioeconómica nas que poida atoparse o/a menor solicitante e poder optar aos 400 € de cartos de preparación da viaxe, segundo o disposto nos apartados 2.j) e 5.5 das bases da convocatoria.

**Sexto.-** Contra esta resolución, que pon fin á vía administrativa, poderase interpoñer potestativamente recurso de reposición, no prazo dun mes, ou directamente recurso contencioso-administrativo, no prazo de dous meses, ante o xulgado da Xurisdición Contencioso-Administrativa.

Nos dous casos, computarase o prazo a partir do día seguinte ao da publicación oficial da resolución da concesión definitiva.

A Coruña, na data da sinatura electrónica deste documento

O concelleiro responsable da Área de Educación, Formación e Innovación Tecnolóxica, p.d.  
XGL

(Acordo da XGL do 22.10.2025, publicado no BOP núm. 211 do 04.11.2025)

Juan Ignacio Borrego Vázquez

ANEXO:

**LISTAXE DEFINITIVA BOLSAS NORTEAMÉRICA CONCEDIDAS PARA O CURSO 2026/2027**

Orde	Estado	ID	Total puntos	% Acheга familia	Importe da bolsa (descontada a acheга da familia)
1	Renuncia	85	18	0%	
2	Concedida bolsa	67	17.5	0%	21.224,10 €*
3	Exclusión (base 12.3)	100	17.4	0%	
4	Concedida bolsa	62	17	0%	21.224,10 €*
5	Concedida bolsa	52	16.6	0%	21.224,10 €
6	Concedida bolsa	40	16.4	0%	21.224,10 €*
7	Concedida bolsa	57	16.3	0%	21.224,10 €
8	Concedida bolsa	26	16.2	0%	21.224,10 €*
9	Concedida bolsa	25	16.1	0%	21.224,10 €*
10	Concedida bolsa	59	16	0%	21.224,10 €*
11	Concedida bolsa	3	16	0%	21.224,10 €
12	Concedida bolsa	68	16	0%	21.224.10 €
13	Concedida bolsa	58	15.9	0%	21.224,10 €*
14	Concedida bolsa	16	15.9	0%	21.224,10 €
15	Concedida bolsa	36	15.6	0%	21.224,10 €*
16	Renuncia	89	15.5	0%	
17	Concedida bolsa	102	15.3	0%	21.224,10 €*
18	Concedida bolsa	64	15.3	0%	21.224,10 €*

Orde	Estado	ID	Total puntos	% Acheга familia	Importe da bolsa (descontada a acheга da familia)
19	Renuncia	75	14.8	0%	
20	Concedida bolsa	47	14.7	0%	21.224,10 €*
21	Renuncia	106	14.6	0%	
22	Concedida bolsa	120	14.6	0%	21.224,10 €*
23	Concedida bolsa	93	14.6	0%	21.224,10 €
24	Concedida bolsa	115	14.6	0%	21.224,10 €
25	Concedida bolsa	11	14.6	0%	21.224,10 €
26	Concedida bolsa	109	14.4	0%	21.224,10 €
27	Renuncia	92	14.4	10%	
28	Concedida bolsa	76	14.2	0%	21.224,10 €
29	Concedida bolsa	21	14	10%	19.460,19 €
30	Renuncia	34	13.8	0%	
31	Concedida bolsa	2	13.7	0%	21.224,10 €
32	Renuncia	114	13.6	0%	
33	Renuncia	97	13.6	15%	
34	Concedida bolsa	27	13.4	0%	21.224,10 €*
35	Concedida bolsa	10	13.4	0%	21.224,10 €
36	Concedida bolsa	37	13.2	0%	21.224,10 €



Orde	Estado	ID	Total puntos	% Acheга familia
52	Listaxe agarda	134	11.8	10%
53	Listaxe agarda	78	11.5	0%
54	Listaxe agarda	70	11.5	0%
55	Listaxe agarda	111	11.4	0%
56	Listaxe agarda	24	11.4	20%
57	Listaxe agarda	124	11.3	0%
58	Listaxe agarda	77	11.2	10%
59	Listaxe agarda	28	11.1	5%
60	Listaxe agarda	1	11	0%
61	Listaxe agarda	130	11	5%
62	Listaxe agarda	30	10.9	0%
63	Listaxe agarda	129	10.9	0%
64	Listaxe agarda	83	10.5	0%
65	Listaxe agarda	73	10.5	0%
66	Listaxe agarda	128	10.2	5%
67	Listaxe agarda	5	10	10%
68	Listaxe agarda	74	10	15%
69	Listaxe agarda	80	9.9	5%
70	Listaxe agarda	107	9.6	10%
71	Listaxe agarda	126	9.6	20%
72	Listaxe agarda	38	9.6	30%

Orde	Estado	ID	Total puntos	% Acheга familia
73	Listaxe agarda	44	9.3	0%
74	Listaxe agarda	46	9.3	25%
75	Listaxe agarda	45	9.2	10%
76	Listaxe agarda	42	9.1	5%
77	Listaxe agarda	4	9.1	5%
78	Listaxe agarda	103	9	15%
79	Listaxe agarda	87	8.8	25%
80	Listaxe agarda	23	8.7	10%
81	Listaxe agarda	6	8.5	15%
82	Listaxe agarda	8	8.3	0%
83	Listaxe agarda	117	8.1	5%
84	Listaxe agarda	48	8	35%
85	Listaxe agarda	53	7.9	20%
86	Listaxe agarda	132	7.7	5%
87	Listaxe agarda	125	7.7	35%
88	Listaxe agarda	131	7.5	5%
89	Listaxe agarda	29	7.5	20%
90	Listaxe agarda	112	7.4	35%
91	Listaxe agarda	22	7.3	30%
92	Listaxe agarda	60	7.2	5%
93	Listaxe agarda	88	7.2	15%

Orde	Estado	ID	Total puntos	% Achega familia
94	Listaxe agarda	<b>105</b>	7.2	35%
95	Listaxe agarda	<b>104</b>	7	35%
96	Listaxe agarda	<b>72</b>	6.5	15%
97	Listaxe agarda	<b>9</b>	6.2	30%
98	Listaxe agarda	<b>41</b>	6.2	35%
99	Listaxe agarda	<b>50</b>	5.8	35%
100	Listaxe agarda	<b>91</b>	5.6	20%
101	Listaxe agarda	<b>84</b>	5.6	35%
102	Listaxe agarda	<b>81</b>	5.5	25%
103	Listaxe agarda	<b>63</b>	5.4	35%
104	Listaxe agarda	<b>110</b>	5.2	25%
105	Listaxe agarda	<b>108</b>	4.7	35%
106	Listaxe agarda	<b>82</b>	3.9	35%
107	Listaxe agarda	<b>51</b>	3.8	20%
108	Listaxe agarda	<b>133</b>	3.7	35%
109	Listaxe agarda	<b>49</b>	2.3	35%
110	Listaxe agarda	<b>118</b>	1.1	35%
111	Listaxe agarda	<b>33</b>	0.6	35%